

FICHA RESUME

PE 403A 2007/2-5

Ano	2008
Entidade	CONFRARIAS DE PESCADORES DE RAXÓ, PONTEVEDRA E LOURIZÁN.
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	ZONA LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), reloxo (<i>D.exoleta</i>) e chirla (<i>Ch.gallina</i>).
Ambito do plan	Zonas intermareais incluídas na parte interna da liña imaxinaria que une punta Santa Mariña, na beira norte da ría de Pontevedra coa esquina noroeste do convento sito na Punta Placeres, na zona sur da ría, e desde este punto ata o faro verde da escolleira da canalización do río Lérez.
Subzonas de explotación	Placeres, Ameixal, Puntada, Polvorín, Combarro, bancos do litoral de Samieira e Raxó

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé		
477 permisos renovados en data 09.11.2007 e 5 solicitudes de renovación en trámite (a 09.11.2007).		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	110										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : De xaneiro a abril, de xuño a decembro. Os bancos de Ameixal e Placeres (zonas 4, 5, 6 e 7) permanecerán vedadas dous meses, desde a 2ª quincena de abril ata a 1ª quincena de xuño, ambas incluídas.											
Modalidade⁽³⁾: A PE											
xan	feb	mar	Abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura:

	Unha especie	Dúas ou mais especies
Ameixa fina	4	4

Aprobada por corrección de erros do 21 de xaneiro de 2008

Ameixa babosa	por cada quilo que non se extrae de ameixa fina equivale a dous de babosa; exemplo: 3 kg de fina e 2 kg de babosa.	
Ameixa bicuda	2	2
Berberecho	15/20/25	5
Reló	20	10
Ameixa xaponesa	10	10
Chirla	2	2

O tope de **ameixa fina** quedará fixado nos primeiros meses de campaña en 2 kg/mariscadora/día ata que as condicións dos bancos que integren o plan acaden a normalidade. A cota de 4kg/mariscadora/día se poderá autorizar un máximo de 20 días.

O tope de **ameixa babosa** dependerá do tope de ameixa fina coa equivalencia de dous quilos de babosa por cada un que non se extraia de ameixa fina.

O tope de **berberecho** non poderá superar os 25 kg no banco de Placeres e 20 kg no banco de Combarro. No resto dos bancos quedará en 15 kg.

Artes a empregar	Sacho, legón e angazo.
Puntos de control	Lourizán, Puntada, Polvorín, Ameixal, lonxa de Campelo, A Ostreira (Campelo), A Reiboia (Combarro). Padrón (Combarro), A Canteira, D. Bernardo, Ouriceira, O Covelo, O Laño, O Carballo, Xiorro e Raxó.
Puntos de venda	Lonxa de Campelo

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas:recuperación das zonas fangosas de Combarro con area e eliminación do lombo de area de A Seca (aprobadas na orde deaxudas para paliar os danos causados polas inundacións), eliminación do lombo de area de Lourido e traslado á Polvorín, arados no banco de Lourido, eliminación dos lombos de area de Placeres, apertura de novos boquetes no norte da escollera e afondamento de todos os existentes,												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Fontemaior, Chancelas, A Cantareira, praia do peirao de Campelo, Puntada, baixo a ponte da autopista, zona 1 de Placeres,. Extracción de semente de ameixa xaponesa para a venda a entidades asociativas do sector que continúen o cultivo.												
Especies: todas as incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xiorro, O Laño, Combarro, Ameixal, Polvorín, zonas 2,3,4,5,6 e 7 de Placeres.												
Especies:ameixa fina e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas:todos os bancos												
Especies:todas as especies incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Zonas: todos os bancos aproveitando os excendentes do peneirado no punto de control.												
Especies: todas as especies incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Todos os bancos, empregando tractores e/ou rastros.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Control de depredadores (<i>Cyclope neritea</i>) mediante nasas.												
Adquisición dunha batea de preengorde de semente de ameixa.												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

En relación coa **proposta de ampliación**, e ante a dificultade de facer previsións dos obxectivos económicos e de produción debido a que aínda non tivo lugar a rexeneración do banco de Combarro tralas riadas e aos problemas de explotación por incluír bancos marisqueiros catalogados como zona C, deberase esperar a evolución da campaña durante o ano 2008 así como á recuperación dos bancos afectados polas riadas, para poder valorar adecuadamente a cobertura de vacantes de permisos de explotación de marisqueo a pé.

Cumpre sinalar que en data 06.11.2007 hai 18 persoas que teñen denegado o permiso de explotación por ser pensionistas de incapacidade permanente total para a profesión habitual, pero coa posibilidade de acceder á condición de mariscadora si revisada a súa situación, a seguridade social as considera aptas para o marisqueo durante o vindeiro ano 2008.

Os días máximos de extracción de acordo co informe técnico redúcense a 110.

Con respecto a arte ou técnica de extracción, acéptase que non se empregue a técnica da burata como método de extracción e infórmase que a gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118^{do} Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

En relación co horario de traballo, acéptase que sexa como máximo de 3 horas de actividade extractiva, iniciándose como a máis tardar as 14:00 horas, sempre e cando o desenvolvemento da actividade se realice no período de tempo autorizado no Decreto 424/1993 é dicir, entre 2 horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, tendo como límite as 17:00 horas.

A extracción de semente de moluscos que sexa comercializada a outras entidades asociativas do sector para continuar o seu cultivo, deberá respectar o horario establecido do marisqueo a pé, segundo contempla o Decreto 424/1993, que ten como límite as 17:00 horas.

En relación coa zona de traballo cumpre sinalar que na información dispoñible na delegación territorial figura que a confraría de Raxó non ten autorizacións ni concesións, e que a confraría de Pontevedra ten unha autorización de 289.000 m² no distrito marítimo de Sanxenxo e Marín, pero descoñécese a súa ubicación exacta.

Con respecto á revalidación dos permisos de explotación, acéptase que as datas dedicadas aos traballos de coidado e semicultivo autorizados computen para a revalidación do permiso de explotación. A inclusión dos días adicados as labores de vixilancia, control e seguimento dos bancos no computo para a revalidación do permiso están condicionados á aclaración requirida

en data 05.11.2007 as confrarías do plan conxunto.

Acéptase a petición do colectivo de que non terán a mesma consideración a efectos de computo, os días adicados en exclusiva á extracción de ameixa xaponesa para venda ás entidades asociativas do sector que continuarán co seu cultivo

En relación cos traballos de rexeneración consistentes na eliminación dos lombos de area, sinalar que o informe técnico considera que son pouco adecuados, xa que se trata dun proceso natural e ao pouco tempo están formados outra vez. Ademais os lombos, cambian de configuración nas distintas épocas do ano. Por outra banda a apertura dos boquetes e a adecuación do acceso para maquinaria requirirá dos permisos dos organismos correspondente.

Recoméndase facer traslados da semente existente nos bancos marisqueiros, posto que a bióloga de zona no seu informe indica que non é necesaria a compra de semente, xa que nos bancos hai suficiente, pero mal repartida. Na mostraxe de setembro no banco de Placeres atopáronse densidades de ameixa fina de 129,65 individuos/m², non acadando os 25 mm case no 50%.

Os excesos dos cupos, unha vez realizado o control, deberán ser devoltos ao mar, polo que se recomenda que establezan unha cota de socios(as) para facer fronte aos gastos do punto de control, ou tamén poden recoller entre as mariscadoras, o tope que corresponde as persoas que estean no control.

Para a explotación do reló deberá seguirse o “Protocolo para a apertura do reloxo nos bancos marisqueiros”.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15....

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración

*